

XXVI

do 11 ao 20
de
NOVEMBRO

LUGO
2016

**FESTIVAL de
JAZZ**



*Primi
ivo*



CLUB CLAVICÉMBALO

- 11 NOV. 23:30 h POCKET CORNER | PÁX. 16
- 12 NOV. 23:30 h ALFONSO CALVO OCTETO | PÁX. 16
- 14 NOV. 23:30 h ALFREDO GARCÍA QUINTET | PÁX. 17
- 15 NOV. 23:30 h BUXEIRO TRÍO | PÁX. 18
- 16 NOV. 23:30 h MIGUEL ÁNGEL CHASTANG QUINTET | PÁX. 18
- 17 NOV. 23:30 h TUMBANDO A MONK | PÁX. 19
- 18 NOV. 23:30 h RAYNALD COLOM QUARTET + 2M | PÁX. 20
- 19 NOV. 23:30 h LOS HOT CHOCOLATES | PÁX. 21

CASA DO SABER da USC

| Entrada libre ata esgotar localidades

- 14 NOV. 20:00 h MAUREEN CHOI QUARTET | PÁX. 6
- 15 NOV. 20:00 h GORKA BENÍTEZ TRÍO | PÁX. 7

CÍRCULO DAS ARTES

Escenario 1906

14 NOV. 21:30 h

JONATHAN KREISBERG QUARTET | PÁX. 8

15 NOV. 21:30 h

DEAN BROWN BAND | PÁX. 9

16 NOV. 20:30 h

JEREMY PELT QUINTET | PÁX. 10

17 NOV. 20:30 h

BRUCE BARTH TRÍO & JEAN TOUSSAINT | PÁX. 11

18 NOV. 20:30 h

THE COOKERS | PÁX. 12

Billy Harper, Eddie Henderson, Cecil McBee, Billy Hart,
David Weiss, Craig Handy & Danny Grissett

19 NOV. 20:30 h

DONNY McCASLIN QUARTET | PÁX. 14

20 NOV. 20:30 h

GARUFA BLUE DEVILS BIG BAND | PÁX. 15





CAMPO CASTELO, 52 - 27001 LUGO

Cine documenta Jazz

MÉRCORES 9 NOV. | 19:30 h

A film about kids & music. Dir. Ramón Tort.

XOVES 10 NOV. | 19:30 h

Jazz history 1956-1960. The adventure. Dir. Ken Burns.

MÉRCORES 16 NOV. | 18:00 h

Calle 54. Dir. Fernando Trueba.

XOVES 17 NOV. | 18:00 h

Paco de Lucía & Group live at the Germeringer Jazztage 1997.

Dir. Dieter Hens.

Jazz Sessions por Sr. Blas, Impulse vs. Blue Note

VENRES 18 NOV. | 22:00 a 24:00 h

Impulse

SÁBADO 19 NOV. | 22:00 a 24:00 h

Blue Note

Ho! Jazz Vermú

SÁBADO 19 NOV. | 13:30 h

Marcos Pin & Paco Charlín



15 NOV
MARTES

MASTER CLASS DEAN BROWN

"There are only two rules in music, it must be beautiful and it must feel good!" - Dean Brown

SEMINARIO INTERNACIONAL DE
JAZZ E MÚSICA MODERNA DE LUGO

A sua música combina o Rock, Latin, Jazz, Funk, unha fusión dinámica e de enorme intensidade.

Profesor do Musician Institute en Hollywood, colaborador habitual das revistas Guitar Player, Guitar World, Jazz Life, Gittare & Bass, Big Box, Muzikus e Guitarist magazine.

Guitarrista de directo e estudio, comparte escenario con músicos como Marcus Miller, The Brecker Brothers, Billy Cobham, David Sanborn, Bob James, George Duke, Roberta Flack, Bill Evans, Randy Brecker, Victor Bailey, Joe Zawinul, Simon Phillips, Lenny White...entre outros.

VIDEO / DEAN BROWN & MARCUS MILLER

MASTER
CLASS
WORKSHOP

● 16.00h.

R/ RAMÓN
MONTENEGRO 3
BAIXO 27002


LUGO



ORGANIZAN



COLABORAN



LUGO 15 NOV 2016

MAUREEN CHOI QUARTET



Maureen Choi
violín

Daniel García
piano

Mario Carrillo
contrabaixo

Michael Olivera
batería



Nacida en Michigan (Estados Unidos), Maureen Choi é unha violinista e compositora de extraordinario talento. De raíces coreanas, recibiu a súa sólida formación clásica na Michigan State University e estudou *jazz* no Berklee College of Music. Cun dominio maxistral do seu instrumento, Maureen propón o que ela chama *latin jazz made in Spain*, unha mestizaxe baseada no *jazz* e maila música española e latinoamericana. Rodney Whitaker describiuna así: «a nova gran voz do violín de *jazz*».

O grupo Maureen Choi Quartet nace en setembro do 2012 coa chegada da violinista a España, onde compaxina a actividade musical coa docente nas prestixiosas Berklee College of Music –Valencia– e Escuela de Música Creativa –Madrid–.

Maureen Choi Quartet, moito máis que *jazz* e música latina; o seu espectáculo en directo é unha apaixonante viaxe polo folclore español e latinoamericano co violín como voz principal e co *jazz*, a improvisación e a delicadeza da música clásica por vehículos de expresión.

O seu último traballo musical, *Ida y vuelta*, no que colaboran grandes figuras do falde de Pepe Rivero e Javier Colina, plasma á perfección a orixinalidade da súa idea e foi recibido con tremendo éxito de crítica.

GORKA BENÍTEZ TRÍO



Gorka Benítez

saxo

Dani Pérez

guitarra

David Xirgu

batería

O saxo tenor Gorka Benítez é o mellor contador de historias do panorama *jazzístico* nacional e unha das voces máis persoais e sólidas tamén no ámbito internacional. Tenaz, inquieto e valente, presenta o seu último traballo discográfico a trío, *Gasteiz*.

Gorka Benítez dá un paso máis na propia arte, madurez creativa a base de honestidade, única na súa especie e, coma sempre, cun acentuado selo persoal. Cada unha das súas actuacións está marcada polo sutil material melódico e harmónico e, ademais, pola calmada introspección das liñas líricas. A música vai de suave a frenética, ás veces sobrepoñéndose aos dous extremos do espectro emocional.

A expresividade e a audaz dinámica do conmovedor Gorka son acompañadas á guitarra por un Dani Pérez demoledor, maxistral e brillante, sen concesións, e un David Xirgu único, sólido e propulsor, sempre capaz de engadir algo especial en cada momento.

A súa música baséase na habilidade de comunicación directa, sen cesións á modernidade, nunha fusión intelixente de éxito e nun final aberto onde cada nota ten o seu significado concreto. Esta é, sen dúbida, unha das aventuras musicais máis extraordinarias do noso firmamento *jazzístico*.

JONATHAN KREISBERG QUARTET

Jonathan Kreisberg
guitarra

David Kikoski
piano

Dave Robaire
contrabaixo

Colin Stranahan
batería



O guitarrista neiorquino Jonathan Kreisberg converteuse nun referente entre os compositores e intérpretes do *jazz* actual. Con 10 anos comezou a toca-la guitarra e con só 16 foi admitido na New World School of The Arts, sendo un dos alumnos máis novos da prestixiosa escola norteamericana. *Sideman* desde moi mozo de músicos como Red Rodney e os desaparecidos Joe Henderson e Michael Brecker, Kreisberg é, hoxe en día, un dos guitarristas máis solicitados da súa cidade, Nova York. Tocou en bandas dos magnos do *jazz* como Lee Konitz, Joe Locke, Dr. Lonnie Smith, Joel Frahm, Greg Tardy, Lenny White, Roy Nathanson, Donald Edwards, Jane Monheit e Ari Hoenig.

Admirador tanto de John Coltrane como de Joaquín Rodrigo, Kreisberg está considerado un dos grandes virtuosos do instrumento de seis cordas; un xenio que, amais de atesourar unha técnica depurada, crea un discurso enerxético e sedutor que bebe tanto das fontes clásicas do *bop* como da escena que revolucionou a cidade dos rañaceos durante a década de 1990.

Estamos ante un músico portentoso que engade ao seu trío de primeira a participación dun pianista monumental, Dave Kikoski, asiduo da Mingus Big Band e en nómina de Roy Haynes, Randy Brecker, Bob Berg e Billy Hart, alén de ser integrante dos explosivos Opus 5.

DEAN BROWN BAND



Dean Brown
guitarra eléctrica

Gary Husband
batería

Linley Marthe
baixo eléctrico

Bernard Maseli
vibráfono electrónico

Mateusz Pliniewicz
violín

A música de Dean Brown desafia sempre os límites combinando *rock*, *fusión*, *latin*, *jazz*, *funk*...

É reconecido na escena global do *jazz* *fusión* polo seu poderoso virtuosismo rítmico na guitarra e os seus apaixonados solos melódicos. Todo aquel que puido gozar da súa música sentiuse atraído de inmediato pola enerxía que pon en todas e cada unha das súas notas.

Desde os seus comezos profesionais á idade temperá de 13 anos, Dean viaxou por todo o mundo con formacións e traballos propios e gravou con artistas lendarios do talle de Marcus Miller, Bob James, George Duke, Bill Evans, Lenny White, Roberta Flack e Steve Smith entre outros.

Participou en máis de 200 gravacións, que inclúen numerosos nomeamentos aos Grammy, catro das cales foron gañadoras dos premios.

Trala súa prolífica carreira artística, a faceta de educador dirixindo *Master Classes* mundo arredor e 4 discos que o avalan coas colaboracións de figuras sobranceiras do panorama musical mundial, Dean Brown presenta o seu novo disco *Rolajafufu* que foi editado en abril do 2016.

JEREMY PELT QUINTET

Jeremy Pelt
trompeta

Jonathan Barber
batería

Jacqueline Acevedo
outros instrumentos
de percusión

Vicente Archer
contrabaixo

Victor Gould
piano



Jeremy Pelt, trompetista novo pero preeminente dentro do mundo do *jazz*, forxa un vínculo coa Mingus Big Band desde moi cedo e vaino estreitando a medida que avanza profesionalmente. Constrúe o éxito da súa carreira sobre estas relacións e moitas outras que eventualmente conducen a colaboracións con algúns dos máis grandes mestres do xénero. O devandito inclúe actuacións e gravacións con Cliff Bararo, Keter Betts, Bobby Blue Bland, Ravi Coltrane, Frank Foster, Winard Harper, Jimmy Heath, Vincent Herring, John Hicks, Charli Persip, Ralph Peterson, Lonnie Plaxico, Bobby Short, Cedar Walton, Frank Wess, Nancy Wilson e The Skatalites, por nomear uns cantos deses mestres.

Pelt toca asiduamente con formacións notables como a Roy Hargrove Big Band, The Village Vanguard Orchestra e a Duke Ellington Big Band e é membro do Lewis Nash Septet e de The Cannonball Adderley Legacy Band con Louis Hayes.

Como líder, Pelt gravou 11 álbums e fixo xiras a nivel mundial cos seus diversos conjuntos ofrecendo concertos en numerosos festivais de *jazz* e salas dos máis importantes.

As gravacións e actuacións de Pelt gañáronlle eloxios da crítica tanto a nivel nacional como internacional, sen ir máis lonxe, os que lle dedicou, no *Wall Street Journal*, o lendario crítico de *jazz* e produtor Nat Hentoff. Foi, ademais, votado Rising Star da trompeta cinco anos consecutivos por *Downbeat Magazine* e a Jazz Journalist Association.

BRUCE BARTH TRÍO & JEAN TOUSSAINT



Bruce Barth

piano

Jean Toussaint

saxo

Michael Coady

contrabaixo

Stephen Keogh

batería

Bruce Barth é un dos grandes pianistas do jazz das últimas décadas. Xurdido nos oitenta da escena neoiorquina, asociouse co saxofonista tenor Stanley Turrentine durante unha década trala cal colaborou con Nat Adderley, co quinteto de Vincent Herring e con Dave Douglas. No 1990 enrolouse no quinteto de Terence Blanchard. Desde entón tocou, gravou e foi de xira por todo o mundo xunto coas figuras máis importantes: Tony Bennett, Steve Wilson, Luciana Souza, Phil Woods, Freddie Hubbard, Tom Harrell, Branford Marsalis, Wynton Marsalis, John Patitucci, Mingus Big Band, etc., etc.



JEAN TOUSSAINT

Nacido no Caribe, medrou na illa de Saint Thomas e comezou a toca-lo saxofón na Charlotte Amalie High School baixo a tutela musical de Charles Cox, quen colleu especial interese no talentoso mozo. Toussaint deixou Art Blakey Jazz Messengers a mediados dos oitenta e fíxoo sen mirar atrás. Chegou a Londres no 1987 e aínda utiliza a capital como base.

Jean Toussaint tocou entre outros con: ART BLAKEY, MAX ROACH, HORACE SILVER, McCOY TYNER, GIL EVANS, CEDAR WALTON, EDDIE HENDERSON, WYNTON MARSALIS, ROY AYERS, LENNIE WHITE, TERENCE BLANCHARD, JEFF TAIN WATTS, MULGREW MILLER, DONALD BROWN, DONALD HARRISON, DAVID MURRAY, THE JAZZ CRUSADERS, JASON REBELLO.

THE COOKERS

Billy Harper saxo

Craig Handy saxo

Eddie Henderson
trompeta

David Weiss
trompeta

Danny Grissett
piano

Cecil McBee
contrabaixo

Billy Hart batería



The Cookers son as palabras que xuntan a sete veteranos *jazzistas* de auténtica lenda, todos coas súas longas e avultadas carreiras ás costas e cos seus nomes xa entronizados nos altares da historia do *jazz*.

Os tales nomes sitúanse inmediatamente, sen dúbida ningunha, a continuación dos que locen os creadores do xénero, eses Max Roach, Art Blakey, Sonny Rollins, Joe Henderson, Freddie Hubbard, Dexter Gordon, Art Pepper e Herbie Hancock aos que todo afeccionado idolatra. The Cookers levan xa sete anos de vida con cambios mínimos e varios discos (o total de discos gravados polos seus integrantes individualmente, como líderes ou acompañantes, chega á bagatela dun milleiro!). O grupo xuntouse no 2007 para homenaxear-lo disco de Freddie Hubbard *Night of the Cookers* reunindo o mellor do *hard bop*, o *post-bop* e o *jazz* modal. Era un septeto formado por Billy Harper, Cecil McBee, Eddie Henderson e Billy Hart que comezaron a súa carreira musical a mediados dos 60 un período no que se transformaron as dimensións do *hard bop* e aos que se uniron David Weiss, Danny Grissett e Craig Handy; un conxunto de líderes cunha música cualificada como imponente e chea de profundidade.

Hart e Henderson foron membros do innovador grupo Mwandishi liderado por Herbie Hancock. Cecil McBee estivo con Charles Lloyd no seu cuarteto, do que tamén formaban parte Keith Jarrett e Jack DeJohnette. Pola súa banda, Billy Harper integrou o último grupo

de Lee Morgan, ademais de ser membro do Cuarteto de Max Roach e dos Jazz Messengers de Art Blakey, mentres que Danny Grissett acompañou a Tom Harrell, Nicholas Payton, George Coleman, Jackie McLean e Benny Golson. David Weiss e Craig Handy contan coa experiencia adquirida ao tocar con Art Blakey, Elvin Jones, Bobby Hutcherson, Freddie Hubbard, Joe Henderson, Roy Haynes e Herbie Hancock.



DoNNY McCASLIN QUARTET

«A derradeira banda
de David Bowie»

Donny McCaslin
saxos

Jason Lidner
teclados

Mark Guiliana
batería

Jonathan Maron
baixo



Blackstar, o grandioso e loado último disco de David Bowie, editouse o 8 de xaneiro deste 2016, día do seu 69 aniversario. Dous días despois, o mundo enteiro estremecía coa noticia da súa morte.

As orixes de *Blackstar* teñen que ver con María Schneider, acompañado de cuxa orquestra gravou Bowie, no 2014, a peza «Sue (Or in a Season of Crime)» con aires *jazzísticos* de cinema negro. Nos días previos á gravación, Schneider animouno a que acudise a un club de *jazz* de Manhattan, The 55 Bar, onde actuaba o cuarteto do saxofonista Donny McCaslin. Impresionado polo que viu, Bowie enviou, dez días despois, un *mail* a McCaslin invitándoo a que participara, xunto co seu batería, Mark Guiliana, nunha sesión de gravación. Máis adiante, en xaneiro do 2015, McCaslin e o seu grupo ao completo foron convocados para gravar un disco enteiro. *Blackstar* non é, por suposto, o «disco de *jazz*» de David Bowie, aínda que o son que lle imprimiu o cuarteto de novas celebridades, sen dúbida figurón de proa nas augas da música contemporánea neiorquina, lle confira un aire ao xénero.

Nomeado tres veces aos Grammy, Donny McCaslin é membro, en estudio e en directo, da orquestra de María Schneider, da Mingus Big Band, do quinteto de Dave Douglas e substituto de Michael Brecker en Steps Ahead. Saxofonista de técnica brillante e expresividade opulenta, é responsable tamén dunha carreira en ascenso imparabile á fronte da banda propia. Capaz de abrazar con convicción rexistros diversos, de crear solos dun lirismo estarrecedor e de moverse con soltura en todo tipo de formacións, McCaslin foi cualificado pola revista *Down Beat* como o saxo tenor máis velozmente disparado cara á fama.

GARUFA BLUE DEVILS BIG BAND



Xorde a mediados do mes de outubro do 2014 ao abrigo do Garufa Club, lugar no que ten a súa sede, actuando alí regularmente de forma similar ao que facían as grandes e históricas bandas das décadas dos 30 e 40 do século pasado. Ditas bandas, lideradas por mitos do tamaño de Glenn Miller, Benny Goodman, Duke Ellington e Count Basie, actuaban en lugares lendarios como o Cotton Club de Nova York en sesións moi longas que non remataban ata o amencer.

Esta *big band*, dirixida polo mestre Roberto Somoza (clarinete, frauta e arranxos), está formada por 17 músicos instrumentais (5 saxos, 4 trompetas, 4 trombóns, batería e outros instrumentos de percusión, piano, guitarra e contra baixo) e 2 cantantes solistas caracterizados con vestimentas da época e os correspondentes complementos (gravatas, sombreiros, etc.). O repertorio da agrupación nítrese dos grandes clásicos do *swing* pero sen perder de vista achegamentos á música afrocubana da época, ao cinema e ao *cabaret*. Hoxe, Garufa Blue Devils Big Band xa ten publicado o seu primeiro disco, *Barrel House*, gravado o 26 de setembro en directo na sala Garufa Club por Pablo Barreiro e coa colaboración da Radio Galega.

Saxos

Pablo Añón
Miguel González
Santiago González
Roberto Perol
Pedro Lamas

Trompetas

Nicolau Rodríguez
Fernando González
José Somoza
Miguel Ángel Rojo

Trombones

Jon Etterbeck
José Luis Miranda
Diego Rodríguez
Miro Lamas

Batería **Brais Villar**

Contra baixo

Iñigo Azurmendi

Piano **Xavier Facal**

Guitarra **Rubén Barros**

Dirección, frauta e clarinete

Roberto Somoza

Voz **Bea García e Gabriel Triana**

POCKET CORNER

11 NOV.

O grupo Pocket Corner é un dos principais e máis lonxevos da escena *free jazz* en Noruega. Creado e dirixido polo trompetista Didrik Ingvaldsen no 1986, co decorrer dos anos converteuse nunha verdadeira institución pola que pasaron moitos dos actuais músicos do *avant-garde* noruegués como Paal Nilssen-Love entre outros. Herdeiros do son *free* creado por Ornette Coleman, impregnan a súa música de elementos do *jazz* nórdico e da improvisación máis libre. O *curriculum* de Didrik Ingvaldsen inclúe unha extensa formación en Noruega, Leeds



(UK) e Nova York (Juliard), o traballo como profesor na súa cidade natal Stavanger desde hai máis de 30 anos e unha extensísima lista de publicacións, discos, grupos e colaboracións.

Didrik Ingvaldsen
trompeta

Glenn Brun Henriksen
saxo alto

Aleksander Grønstad
guitarra

Ståle Birkeland
batería

ALFONSO CALVO OCTETO

12 NOV.

Banda do contrabaixista compostelán Alfonso Calvo que presenta o seu novo traballo discográfico, *Sea Ahead*, formado integramente por composicións orixinais que van do *hard bop* ao *jazz* modal. O octeto está composto por algúns dos músicos máis relevantes do panorama *jazzístico* galego.



CONVIDADO ESPECIAL
Ton Risco vibráfono

Pablo Castaño
saxo alto, soprano

Xosé Miguélez
saxo tenor, frauta

Rubén Salvador
trompeta, fliscorno

Luis Miranda trombón

Iago Mouriño piano

Alfonso Calvo
contrabaixo

Naíma Acuña batería

ALFREDO GARCÍA QUINTET 14 NOV.



A formación presente é unha evolución da anterior, *Alfredo García Quartet*, que recolleu éxitos nos festivais de jazz galegos e galardóns de o primeiro premio do Concurso de Maquetas Jazz Fusión, organizado pola FNAC, no xurado do cal se encontraban Paquito D'Rivera e Juan Claudio Cifuentes. A demo referida converteuse finalmente no disco *Riding into a New Path*. Na actualidade, Alfredo García

está inmerso na produción, xa en fase de mesturas, do seu segundo álbum como líder: *Blue Line*. Este traballo, ao igual que o primeiro, está fundamentado en temas orixinais a excepción dun par de versións con innovadores arranxos acordes coa estética musical da formación. A música do grupo, enraizada no jazz, aproveita o mellor doutros xéneros (*funk*, *rock* e *world music*).

Alfredo García
composición, guitarra eléctrica

Bruno Couceiro batería

Jose García
saxo tenor, soprano

Pablo Pérez contrabaixo

Iago Mouriño piano



BUXEIRO TRÍO

15 NOV.

Buxeiro Trío daranos a coñecer os temas do seu primeiro disco, *De buxo*, gravado por Gerardo Amigo nos estudos da Fundación SGAE en Santiago

de Compostela. O trío ofrece un jazz ecléctico e trepidante, caracterizado polo contraste e a dinámica, que integra diferentes tendencias e gañou o certame SGAE



MIGUEL ÁNGEL CHASTANG QUINTET

16 NOV.



From Harlem to Madrid

Un dos mestres nacionais do contrabaixo, Miguel Ángel Chastang, presenta *From Harlem to Madrid*, unha ambiciosa serie de cinco CD que leva agora ao directo con nova banda. Impartiu seminarios con David Thomas, Pedro Iturralde, Chuk Israel, Ted Daniel, Ray Brown, Thad Jones, Ed Summerline, David Del Tredice, Dave Holland

e Ron Carter. Trofeo Dexter Gordon. Traballou con artistas como Eddie Henderson, Larry Willis, Leon Thomas, Junior Cook, Wallace Ronney, Gary Bartz, Sonny Fortune, Al Foster, etc. Participou en máis de cincuenta gravacións discográficas, en once delas como líder dos propios grupos.

Miguel Ángel Chastang
contrabaixo e
dirección musical

Luis Verde saxo alto e
soprano

Ove Larsson trombón

Juan Sebastián Vázquez
piano

Juanma Barroso
batería



Galicia Creativa na súa categoría. Interpretará melodías como «Fattah», «Take your chance» e «Evocación» entre outros temas que forman parte do seu álbum.

Álvaro Trillo
batería

Iago Mouriño
piano

Diego López Castro
contrabaixo

TUMBANDO A MONK



17 NOV.



Sexteto de *latin jazz*, formado en Cádiz, que amosa gratitude, respecto e admiración cara a un dos personaxes máis influentes e estrambóticos da historia do *jazz*: Thelonious Monk. Sérvese de temas propios e de composicións deste insigne pianista para transmitir-llo seu espírito. Esta homenaxe, grazas á fantasía multicolor que a baía de Cádiz evoca, acaba xuntando os ritmos la-

tivos e o *jazz*. Neste traballo aparecen once temas con xéneros diversos: mozambique, merengue, *guagancó*, *songo*, *chachachá*, bolero, *danzón*, *bomba*, *bembé*, *abakuá*, *afro*, *reggae*, tango. Non podía faltar, nun tributo coma este, unha posta en escena peculiar e divertida tratando de rememoralo extravagante comportamento do peculiar xenio.

Julián Sánchez
trompeta, fliscorno e percusión menor

Javier Galiana
piano

Malick Mbengue
congas e caixón

Javier Bermúdez
baixo eléctrico

Juan Sainz batería

Pedro Cortejosa
saxo tenor e percusión menor

RAYNALD CoLoM QUARTET + 2M

18 NOV.



Raynald Colom trompeta

Roger Mas piano

Paco Charlín contrabaixo

Miguel Lamas batería

Colom é, a pesar da súa xuventude, un dos trompetistas máis consolidados no ámbito estatal e internacional da escena. Colaborou cos seguintes músicos entre outros: David Sánchez, Duquende, Manu Chao, Horacio Fumero, Perico Sambeat, Michael Janisch, Greg Osby e Mulgrew Miller. No 2005 Fresh Sound New Talent publicou *My 51 Minuts*, o seu primeiro álbum como líder. Despois de publicar un segundo disco no 2008, en 2009 presenta *Evocación*, o seu traballo máis ambicioso, que lle permitiu unir flamenco e jazz contemporáneo desde o propio punto de vista (escollido mellor disco de jazz español do 2010 por *Cuadernos de Jazz*). Colom ten actuado en moitos festivais de jazz e en salas de medio mundo. A Associació de Músics de Jazz i Música Moder-

na de Catalunya nomeouno *millor trompetista* nos anos 2002, 2004 e 2005; recibiu o Premi Puig-Porret en 2010. No 2012 publica *Rise* (disco revelación en *Jazz Magazine*), o seu cuarto disco, no que demostra, segundo *Cuadernos de Jazz*: «un jazz sólido, fresco e polivalente». Nesta ocasión preséntano-la súa agrupación máis recente, un cuarteto que achega un son agresivo e contemporáneo mesturando sons de *flamenco*, *rock* e *black american music*, o cal supón un cambio radical no son de Colom.

2M... *Musiconautas* libres que *crean improvisan* a partir da realidade cotiá, facendo da circunstancia e mailo azar unha oportunidade única e irrepitible en linguaxe universal. No roncel da gra-



Pablo Sax F. Sinde

saxofón alto, soprano, frautas de bambú + electrónica

L.A.R Legido

batería, xoguetes, obxectos sonoros

vación que John Coltrane fixo a dúo con Rashied Ali (Interestellar Space) o 22 de febreiro do 1967, 2M procura explorar novos vieiros espirituais e de expresión. Naceu na primavera do 2003 e colaborou desde aquela en espectáculos de danza (Beatriz Fuentes) e obras de cinema (*A pedra do lobo* de Alberte Pagán) entre outras artes. Neste 2016, o propio dúo editou un CD, *Biglosa*, gravado en directo no Cercano de Ourense. En agosto gravou en estudio, para o selo sueco Nosordo, un novo disco, *Ostron*, que se encontra na etapa de mesturas.

LOS HOT CHOCOLATES

19 NOV.



A medio camiño entre o tradicional conxunto de *dixieland* e as grandes *big bands* da era do *swing*, Los Hot Chocolates comeza a xestarse durante o verán do 2013 xuntando a vellos coñecidos da escena musical coruñesa. Cun espectáculo eminentemente festivo, os concertos dos Chocolates caracterízanse por transmitir a alegría e positivismo do jazz tradicional e a diversión do baile *swing*.

A sólida base rítmica a cargo de Juan Tinaquero (contrabaixo), Luis Tinaquero (guitarra), Iago Mouriño (piano) e Santi Roma (batería e táboa de lavar) sostén a unha potente sección de ventos formada por Santi González (saxofón tenor),

Pablo Añón (saxofón alto), Víctor Sánchez (clarinete), Nando González (trompeta) e Diego Rodríguez (trombón solista), todo isto dulcificado polas voces de Marian Ledesma e Miguel Ladrón de Guevara. ¡Diversión asegurada!

Ao longo destes tres anos tiveron unha grande acollida por parte do público en todos os seus concertos. Ademais, participaron no Festival +Q Jazz da sala Garufa Club, no Festival de Jazz de Lugo e no ciclo de concertos 1906 Estrella Galicia entre moitos outros. Neste momento xa contan co seu primeiro disco, *Warm up*.



TELMO FERNÁNDEZ ORGAN TRÍO

Concerto
XVI aniversario
da declaración
da Muralla
Romana de Lugo
Patrimonio da
Humanidade



O guitarrista lucense Telmo Fernández presenta o seu novo disco, editado por Sweet Records, esta vez acompañado polo británico Caspar St Charles á batería e o organista catalán Abel Boquera. Contará ademais coa colaboración especial da vocalista, orixinaria de Italia e afincada en Barcelona, Desiree Diouf.



ORGANIZA



Concello de Lugo

Concellería de Cultura, Turismo,
Xuventude e Promoción da Lingua

ENTRADA LIBRE
ATA ESGOTAR LOCALIDADES

BMW Serie 1
Acabado M Sport



Lugauto

¿Te gusta conducir?



HAZLO MÁS DEPORTIVO. INVITA BMW

AHORA A TU BMW SERIE 1 LE INCLUIMOS EL ACABADO M SPORT



POR **22.900€**

Esta vez no solo queremos invitarte a conducir uno de nuestros BMW. También queremos invitarte a disfrutar de un gran equipamiento. Por eso a tu nuevo BMW Serie 1 le hemos incluido el acabado M Sport y 5 años de mantenimiento. Haz tu BMW más deportiva. Invitamos nosotros.

- Faros LED
- Bluetooth + USB
- Paquete aerodinámico M Sport
- Volante deportivo M Sport
- Llantas M Sport de 17"
- Asientos deportivos
- Radio BMW Professional
- Suspensión deportiva M Sport

Lugauto

Carretera de Santiago, km. 21
Louzaneta s/n
Tel.: 982 24 40 61
Lugo

www.lugauto.bmw.es

P.V.P. para BMW Serie 1 Tres Puertas 116d Acabado M Sport, 22.900€ (transporte, descuentos, mantenimiento BSI -5 años o 100.000 km- e impuestos incluidos. Gastos de matriculación y pre-entrega no incluidos). Oferta válida para vehículos amparados por el Plan PIVE 8. Financiación Select ofrecida, previa aprobación, por BMW Bank GmbH, con permanencia de 24 meses e importe mínimo de 16.000€. Condiciones válidas para pedidos hasta 31/12/2016. Modelo visualizado no corresponde con modelo ofertado.

Consumo promedio: desde 3,6 hasta 6,7 l/100 km. Emisiones de CO₂: desde 96 hasta 157 g/km.



PATROCINAN E COLABORAN:



Concello de Lugo
Concellería de Cultura, Turismo,
Xuventude e Promoción da Lingua



1906
NUESTRA
INTERPRETACIÓN
más
PERSONAL



ELPROGRESO



Venda anticipada de entradas



+ info www.jazzlugo.com